

# Música e moda no Daisy Market

As formacións The Rakes, La Bien Querida e The Wave encabezan o cartel da **primeira edición do evento internacional de Moda Urbana e Emerxente** da Coruña

POR **PILAR FUSTES**

A CORUÑA. A moda e a música conforman un binomio inseparable. As tendencias máis innovadoras partiron de grandes artistas ou portadas de discos e as notas musicais puxeron a banda sonora a innumerables desfiles nas mellores pasarelas do mundo. Dentro do innovador concepto de Daisy Market, no que prevalece a inspiración da moda, non podería faltar un axente fundamental na creación de liñas e coleccións.

Así, o Showroom Internacional de Moda Urbana e Emerxente —que terá lugar do 25 ao 27 de setembro no recinto feiral ExpoCoruña— acollerá a celebración de concertos dalgúns dos artistas máis destacados no panorama actual e referentes de deseñadores e marcas de moda. O son da primeira edición do

---

**O evento combina as tendencias máis innovadoras da moda co pulo das bandas**

---

---

**Deseño gráfico, vangarda e ilustración terán tamén relevancia no evento herculino**

---

Daisy Market terá como protagonistas a nove grupos de estilos musicais diferentes pero unidos baixo o talante urbano. Entre eles, destaca a presenza de The Rakes, unha das bandas máis prometedoras da nova fornada do pop británico, coñecidos polo seu peculiar xeito de vestir.

La Bien Querida, a derradeira revolución no ámbito nacional, destaca polas súas longas saias de volantes; mentres que Joe Crepúsculo ou Extraperlo cumpren cunha estética pop moi definida e recoñecible. O cartel complétase coa actuación de The Wave Pictures —trío británico calificado como un dos mellores conxuntos de 2008—, Lidia Damunt, Vacabou, 6PM e Cora Nova.

A música non é a única arte, a maiores da moda, cun espazo no Daisy Market. O deseño gráfico ou a ilustración, aplicados á customización, tamén teñen un papel moi destacado dentro do evento.

A maiores, o *showroom* de moda urbana reunirá marcas e deseñadores de todo o mundo, enmarcadas nun concepto de arquitectura efémera que, cun especial exercicio de creatividade, logra crear un evocador espazo de vangarda.